



Unidade de Orixe: Servizo de Vías e Obras
Asunto: Informe oferta Técnica <b>BARALLA – LÁNCARA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-0503 “BARALLA (N-VI) – POL – VILAESTEVA (LU-636)” P.K. 0+350 A 10+500 (2024 /CON_02 / 000040)</b>
Destinatario: Servizo de contratación SERVICIO DE CONTRATACIÓN Y FOMENTO

**INFORME OFERTA TÉCNICA PRESENTADA POLOS LICITADORES RELATIVA Á CONTRATACIÓN DA OBRA BARALLA – LÁNCARA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-0503 “BARALLA (N-VI) – POL – VILAESTEVA (LU-636)” P.K. 0+350 A 10+500 (2024 /CON\_02 / 000040).**

**ANTECEDENTES**

Con data 07.06.2024 recíbese no Servizo de Vías e Obras documentación enviada polo Servizo de Contratación, relativa a “oferta técnica criterios xuízos de valor”, para a licitación da obra **BARALLA – LÁNCARA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-0503 “BARALLA (N-VI) – POL – VILAESTEVA (LU-636)” P.K. 0+350 A 10+500 (2024 /CON\_02 / 000040)** achegada polas empresas licitadoras Construcciones Carballeira SL, Construcciones Leonardo Miguélez SL, Excavaciones Santiños SL, Grupo Bascuas 2008 SL, Obras y Saneamientos Galicia S.L, Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SLU e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL.

De acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para a contratación da obra, a oferta técnica deberá:

*“CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.*

**MEMORIA TÉCNICA:**

*O licitador deberá presentar unha memoria técnica relativa á execución da obra que inclúa como mínimo un Plan de obra, e no que se recollan os seguintes aspectos:*

- *Actuacións previstas para a mellor organización da obra (ata 5,00 puntos), tomando en consideración a claridade e concreción da exposición en canto comprensión da solución técnica do proxecto.*
- *Medios atribuíbles á execución da obra (ata 5,00 puntos), tomando en consideración a adecuación do mesmo ao obxecto da obra e a súa concreción no proceso de execución.*
- *Medios medioambientais propostos (ata 5,00 puntos), tomando en consideración a adecuación dos mesmos ao obxecto da obra e as súa concreción no proceso de execución e respecto o medio ambiente como valor engadido.*

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	Fecha y Hora	26/06/2024 13:10:20
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	Página	1/6





- Posible reducción de prazos de execución (ata 5,00 puntos), tomando en consideración o análise do camiño crítico, as tarefas que o compoñen e a relación de precedencias entre actividades.

A memoria non poderá exceder das 10 follas, polas dúas caras (20 páxinas), DIN A4, letra Times New Roman 12. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan de dito número máximo.

A memoria técnica abranguerá como mínimo os aspectos anteriores, acompañados no seu caso, se o considera oportuno (fora do límite das follas establecido no parágrafo anterior), dos documentos necesarios que permitan a súa avaliación”.

A redacción do informe é encomendada á técnica que suscribe o informe.

## OBXECTO

O presente informe ten por obxecto a valoración das ofertas técnicas presentadas polas mercantis Construcciones Carballeira SL, Construcciones Leonardo Miguélez SL, Excavaciones Santiños SL, Grupo Bascuas 2008 SL, Obras y Saneamientos Galicia S.L, Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SLU e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL na licitación da obra BARALLA – LÁNCARA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-0503 “BARALLA (N-VI) – POL – VILAESTEVA (LU-636)” P.K. 0+350 A 10+500 (2024 /CON\_02 / 000040)

## DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CONTRATISTA E ANÁLISE

### Extensión e contido da memoria

A documentación presentada polas empresas é correcta en canto ao formato e a lonxitude requeridos no Prego.

Teñen en consideración todos os aspectos indicados no Prego.

### Plan de Obra

As empresas presentan plans de obras nos que indican os rendementos considerados para a execución dos traballos, que se consideran axeitados para a execución das unidades incluídas no proxecto, a excepción da empresa SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSGRADA SLU. Dita empresa presenta unha somera descrición da coordinación da execución dalgunha das unidades de obra contempladas no Proxecto, pero sen concretar a duración das mesmas. Deste xeito, dado que o PCAP que rexe a licitación recolle a obrigatoriedade de incluír na memoria técnica un Plan de Obra e a devandita mercantil non o aporta, non se procederá a valorar ningún dos aspectos da Memoria Técnica.

### Actuacións previstas para a mellor organización de obra (ata 5,00 puntos)

Todas as empresas desenvolven suficientemente as unidades de obra que se van a executar, explicando o tipo de traballos e a orde na que teñen previsto acometelos, denotando o estudo do proxecto. (2 puntos)

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	Fecha y Hora	26/06/2024 13:10:20	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	Página	2/6	

As empresas Construcciones Leonardo Miguélez SL e Excavaciones Santiños SL indican o punto de acopio dos materiais (0,5 puntos)

A empresa Grupo Bascuas 2008 SL fai un estudio dos posibles desvíos do tráfico como consecuencia do desenvolvemento dos traballos previstos no proxecto e indican a zona onde se ubicarían os acopios necesarios para o desenvolvemento dos traballos. Ten en conta ás afeccións o entorno: accesos a fincas, recollida de basura, afeccións ó servizo de abastecemento e saneamento, puntos de alumeadado público e canalización eléctrica. (1,75 puntos)

As empresas Construcciones Carballeira SL, Obras y Saneamientos Galicia S.L e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL fan un estudio dos posibles desvíos do tráfico como consecuencia do desenvolvemento dos traballos previstos no proxecto e indican a zona onde se ubicarían os acopios necesarios para o desenvolvemento dos traballos. (1 puntos)

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, neste aspecto é de 2,50 puntos

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, neste aspecto é de 2,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL, neste aspecto é de 3,75 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

Medios atribuíbles á execución da obra (ata 5,00 puntos)

En canto os medios atribuíbles á execución da obra, tódalas empresas presentan medios superiores aos medios mínimos considerados necesarios na memoria xustificativa. Valorase a relación dos medios técnicos aportadas por todas as empresas na medida que garanten a coordinación dos medios materiais atribuíbles á obra en cada momentos da execución dos traballos (2 puntos).

Todas as empresas fan referencia os provedores de materiais (1,00 puntos)


A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	Fecha y Hora	26/06/2024 13:10:20
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	Página	3/6



A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL, neste aspecto é de 3,00 puntos.

Medios medioambientais propostos (ata 5,00 puntos)

A empresa Construcciones Carballeira SL propón unas actuacións ó comezo da obra (realización de acopios, protección da vexetación, protección da fauna e minimación da ocupación do entorno), medidas preventivas en relación coa maquinaria (almacenamiento e repostaxe, mantemento da maquinaria, ruidos e vibracións e residuos), medidas relacionadas coa protección das augas, ca xeración de polvo, contra o ruído, contra incendios, de minimización de consumo de recursos e xestión de residuos, indicando o posible xestor de residuos. (2,00 puntos)

A empresa Construcciones Leonardo Miguelez S.L. e Excavaciones Santiños comprométese a implantar na obra un sistema de xestión ambiental certificado de acordo coa ISO 14001, elaboración dun programa de xestión ambiental, a identificación das unidades de obra e/ou procesos constructivos que poidan xerar impactos e medidas a adoptar (delimitación e sinalización das obras, diminución da emisión de polvo e partículas en suspensión na atmósfera e diminución do emprego de combustibles fosiles, emprego de enerxías e localización de vertedoiros, indicando dúas posibles ubicacións). (2,50 puntos)

A empresa Grupo Bascuas 2008 S.L identifica as unidades de obra e os procesos constructivos que poidan xerar impacto, identificación e avaliación dos impactos ambientais, sobre o medio socioeconómico e os patrimoniais. Ademais, describe unha serie de medidas para a eliminación, diminución ou corrección dos posibles impactos (crea un equipo de persoal dedicadas á xestión medioambiental do proxecto, actualiza a declaración ambiental, desenvolve manuais de boas prácticas medioambientais e fichas específicas para cada unidade de obra proxectada, establece unha política medioambiental, obxectivos medioambientais, elaboran un plan de formación anual medioambiental, sistema de medición de rendimientto ambiental, política de produtos integrada, medidas de aforro enerxético, organización ambiental da obra, plan de xestión de residuos, restriccións das tarefas de obra asociadas a horarios e épocas sensibles, un plan de vixilancia e control e a rexeneración de espazos, medidas asociadas á finalización da obra (plan de peche). (4,00 puntos)

A empresa Obras y Saneamientos Galicia S.L. presenta un organigrama técnico-administrativo del personal responsable da actuación ambiental. Ademais, expón unha serie medidas a adoptar durante a obra para a eliminación, diminución ou corrección dos impactos ambientais derivados dos traballos. Tamén, contempla o emprego de materiais con certificados ambientais, reutilizados ou reciclados. Comprométese a elaboración dun plan de recollida e xestión de residuos xerados durante a execución da obra. (2,00 puntos).

A empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL contempla as seguintes medidas: redución de emisións de gases e sustancias en suspensión, redución da emisión de ruído, protección da calidade das augas e dos solos, protección da vexetación e da fauna, redución do consumo de enerxía e emprego das enerxías renovables, redución do consumo da auga e identifica o xestor de residuos. (2,50 puntos)

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	Fecha y Hora	26/06/2024 13:10:20
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	Página	4/6



A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL, neste aspecto é de 2,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, neste aspecto é de 2,50 puntos

A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, neste aspecto é de 2,50 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL, neste aspecto é de 4,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, neste aspecto é de 2,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL, neste aspecto é de 2,50 puntos.

Posible redución dos prazos de execución (ata 5,00 puntos)

As empresas Construcciones Carballeira SL, Grupo Bascuas 2008 SL y TA Hermanos Blanco Trigo SL comprométense a reducir o prazo de execución en 1.5 meses (máxima redución de prazo ofertado) (5 puntos)

As empresas Construcciones Leonardo Miguélez SL e a empresa Excavaciones Santiños SL comprométense a reducir o prazo da obra en 1 mes e unha semana (4,17 puntos). (No anterior informe había un erro material, concedendo unha puntuación de 0,00 puntos a ambas empresas).

A empresa Obras y Saneamientos Galicia SL non estima unha redución do prazo de execución, ofertando o prazo previsto no proxecto de tres meses. (0,00 puntos)

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL, neste aspecto é de 5,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, neste aspecto é de 4,17 puntos


A puntuación asignada á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, neste aspecto é de 4,17 puntos.

A puntuación asignada á empresa GRUPO BASCUAS 2008 SL, neste aspecto é de 5,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, neste aspecto é de 0,00 puntos.

A puntuación asignada á empresa TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL, neste aspecto é de 5.00 puntos.

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	<b>Fecha y Hora</b>	26/06/2024 13:10:20
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	<b>Página</b>	5/6





### CONCLUSIÓN

A xuízo do técnico que subscribe, e en base aos aspectos indicados no PCAP da licitación e á documentación achegada, fai a seguinte valoración da oferta técnica:

EMPRESA	ACTUACIÓNS	MEDIOS MATERIAIS	MEDIOS MEDIOAMBIENTAIS	REDUCCIÓN DE PRAZO	TOTAL
CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	3,00	3,00	2,00	5,00	<b>13,00</b>
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	2,50	3,00	2,50	4,17	<b>12,17</b>
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	2,50	3,00	2,50	4,17	<b>12,17</b>
GRUPO BASCUAS 2008 SL	3,75	3,00	4,00	5,00	<b>15,75</b>
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICA SL	3,00	3,00	2,00	0,00	<b>8,00</b>
SERVICIOS AGRÍCOLAS Y EXCAVACIONES FONSAGRADA SLU	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL	3,00	3,00	2,50	5,00	<b>13,50</b>

Este informe substitúe o anterior, con CSV V7XFXPJ35GJTPG44FMAAH2REU.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

A enxeñeira técnica de Obras Públicas,

Marta Herbón Meilán

	IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA	Fecha y Hora	26/06/2024 13:10:20
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARTA HERBÓN MEILÁN (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGCDLLFRZTWZNCYNWAIYUAA</a>	Página	6/6

